SILENCIADA

FESTA DA PALABRA

11



AS NOVÍSIMAS

PINTORAS GALEGAS

Publicación Galega de mulleres
Galicia. 1995

DOCUMENTALISMO FOTOGRÁFICO CONTEMPORÁNEO*

Hai xa tempo que a Fotobienal viguesa vennos mostrando a obra dun conxunto de fotógrafos que, baixo a categoría de Documentalismo Social Contemporáneo, abandonan, dalgún xeito as normas do documentalismo tradicional. O emprego esaxerado da cor, cáseque hiperreal, o do texto como parte constituitiva da obra, a claridade na recepción da conciencia do autor fronte ao que fotografía, a subxectividade, por veces o íntimismo, son variables que se aprecian neste tipo de traballos.

As orixes, as causas do posicionamento de fotógrafos e fotógrafas que optan por se expresar deste xeito non son alleos ao sistema mediático de información no que vivimos inmersos. Os medios de comunicación constituídos en institucións garantes de verdade, estannos a construír a realidade erixíndose no interlocutor-contraste por excelencia das nosas "pequenas" realidades cotiás.

E... "anque cecais non teña xa remedio" o que fai Ledo Andión a partir do concepto central da imaxe como "fronte" deseñada dende o Poder por hábiles estratexias de comunicación, é unha reflexión sobre a reivindicación da verdade múltiple pola que opta unha xeración de fotógrafos e fotógrafas que, con toda a consciencia do referente real, exercen a consciencia lúcida da realidade posible.

A inocencia da fotoreportaxe, como paradigma de obxectividade, queda relegada ao ámbito dunha concepción positivista na infancia dos media. O coñecemento dos códigos de signficado, o arsenal de técnicas, o dominio da retórica, os xéneros... fan que o vello "ver para crer" se transforme en ver para significar. A fotografía xa non presenta as cousas como son, representa.

A representación dos media é a realidade como espectáculo. As axencias traballan para o Departament of Defense durante a guerra do Golfo, non hai fotógrafos, hai unha soa versión: a da tecnoloxía, a do triúnfo facilmente asumida por unha capa social que, como di Ledo Andión citando a Adorno, "segrega a civilización do mundo mental, deste xeito a recepción da arte convértese nun acto de exaltación". O de Capa ou Mc Culling era foto de autor.

As orixes do documentalismo, a traxectoria dos Reportiers Sans Frontières, do grupo xerado ao redor do Droit du Regard, a revista francesa VU, os referentes de Bresson ou Eugene Smith, a traxectoria da FARM e o fóra de campo como significante, son claros indicios que irán configurando as actitudes, os sinais polos que o Documentalismo Fotográfico Contemporáneo pode ser identificado.

As relacións que Ledo Andión establece entre o discurso hexemónico e espectacular dos media e as preferencias do documentalismo fotográfico, é unha dialéctica que implica a asunción total na toma de decisións, tanto no soporte como na intención de significar, por parte de quen fotografía fronte ás categorías dos organismos de decisión que regulan a signficiación por enriba do fotógrafo e do contexto.

Sustituído o suxeito polo individuo na sociedade do progeso como confort, este novo xénero fotográfico aposta polo espacio da subxectividade, aínda que nola conformen os estereotipos da sociedade de masas, e pola intervención social, mediante a recuperación da mensaxe. Un xeito de ver que, facendo un lúcido uso dos códigos de signficado, fai unha chamada de atención sobre aquelo que imperceptiblemente se nos cola sen que nós queiramos deixalo pasar. A conciencia da propia experiencia é a base para a complicidade necesaria no diálogo intersubxectivo entre emisor e receptor na construcción da realidade que os medios non mostran. É a mediación necesaria.

E precisamente por iso, Margarita Ledo nos achega ás propias voces dos fotógrafos e fotógrafas documentalistas, aos argumentos polos que eles e ela reclaman para sí a validación da súa praxe fotográfica, a unha escolma significativa das súas obras.

Tampouco esquece a autora o facer referencia, aínda que brevisímamente, á imaxe documental do feminino como un dos aspectos negados, ocultos ou por veces

Celina **R**amos **Á**lvarez

C R Í T I C A

manifestamente misóxinos, A cita de Lidia Campagno e da súa obra: Douve Inmagini sabe a pouco nun momento no que as mulleres estamos pensando, desde nos, a nosa propia imaxe.

A hipótese final do libro é unha chamada urxente ao fotoxornalismo actual, no sentido de reflexionar sobre a polisemia inherente ao texto fotográfico, sobre a connotación, e a función de anclaxe que exerce tanto o texto sobre a imaxe gráfica, canto os códigos de relación. Unha chamada á lectura atenta e ao posicionamento crítico.

En fin, ao libro *Documentalismo Fotográfico Contemporáneo* hai que darlle a benvida nun momento no que o sistema mediático, como cerne do acceso ao coñecemento na sociedade post-industrial, está sendo sometido a crítica. Os vellos modelos explicativos das influencias dos medios están sendo sometido a crítica. Os vellos modelos explicativos das influencias dos medios están sendo revisados, a teoría da recepción activa está cobrando corpo. E á parte os media son mediados neste caso pola mente crítica da autora. ✳

NOTA

* Margarita Ledo Andión. *Documentalismo Fotográfico contemporáneo.* Da inocencia á lucidez. Col. Univ. Ed. Xerais. Vigo

"...esqueceron o desexo de voltar ó seu fogar..."
MENCHU OUTÓN